

**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
“OLEIROS FORESTAL. O BOSQUE DOS VECIÑOS”**

O obradoiro dual de emprego “OLEIROS FORESTAL. O BOSQUE DOS VECIÑOS” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e co-financiado polo Ministerio de Trabajo y Economía Social, e promovido polo Concello de Oleiros.

Especialidades a impartir

FAMILIA PROFESIONAL DE MADEIRA, MOBLE E CORTIZA (10 alumnos/as):

- TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE (MAMD0209)
- APLICACIÓN DE VERNICES E LACAS EN ELEMENTOS DE CARPINTERÍA E MOBLE (MAMD0109)

FAMILIA PROFESIONAL AGRARIA (10 alumnos/as):

- ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA (AGAO 0108)
- ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (AGAR0309)

Actuacións a realizar no Parque Metropolitano Bosque dos Veciños

Teñen por obxecto a mellora medioambiental, paisaxística, de seguridade e funcional mediante a execución de actuacións formativas e prácticas de forestación e carpintería desenvolvidas polo alumnado-traballador.

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as. O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato de traballo de formación en alternancia a xornada completa (Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e que foi modificado polo Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo), e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase/ nomearase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

FUNCIONARIOS INTERINOS EN DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TEMPORAL DENOMINADO “PROGRAMA TR353A”.

- 1 director/a (xornada completa)
- 1 mestre das especialidades (xornada completa):

- . AGAO0108 AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA
- . AGAR0309 ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES

- 1 mestre das especialidades (xornada completa):

- . MAMD0209 TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE
- . MAMD0109 APLICACIÓN DE VERNICES E LACAS EN ELEMENTOS DE CARPINTERÍA E MOBLE

- 1 titor/a-coordinador/a de formación responsable da impartición de ensino básico, módulos transversais e xestión empresarial (xornada completa)



- 1 Administrativo/a (xornada completa)

En vista da Circular de data 17/04/2026 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego na que se marcan as instrucións en relación co procedemento de selección de persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos.

1. Grupo de traballo responsable da selección:

O grupo de traballo ou comisión de selección estará formado por cinco persoas nomeadas por Resolución da 2ª Tenente de Alcalde Delegada de Persoal, unha delas en calidade de Presidente/a, tres en calidade de vogais e unha de secretario/a. Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo de selección nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a polas persoas nomeadas como suplentes.

O presente proxecto terá como data límite prevista para o seu inicio o 01/06/2026, de forma excepcional ao non poderse cumprir a data límite marcada na Orde do 14 de novembro do 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 228, do 25 de novembro de 2025).

2. Procedemento de selección alumnado-traballador/a:

Sistema de selección: Oferta tipo T (Taller de emprego) presentada diante da oficina de emprego Coruña Centro.

Localidade: Ámbito do Concello de Oleiros. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10º da Orde do 14 de novembro de 2025, (DOG núm. 228, do 25 de novembro de 2025), segundo baremo que se xunta.

O grupo de traballo poderá excluír do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo, dependendo das solicitudes que se teñan, e o mínimo será, se é posible, de 60 (3 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 320, 330, 340 ou 370 a partir dos 18 anos. Tamén se poderá preseleccionar a demandantes de emprego que se atopen en situación de baixa administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”



A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo grupo de traballo de selección que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais das candidaturas remitidas pola oficina de emprego e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

O grupo de traballo poderá solicitar unha autorización por escrito aos alumnos-traballadores para poder proceder á verificación daqueles datos que considere preciso en función da documentación requirida para acceder ao programa.

O grupo de traballo redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (Servizo de Formación para o Emprego e Orientación), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído.

3. Procedemento selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:

O procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio vai ser a través de convocatoria pública, tal como aparece na circular de data 17/04/2026 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

Convocatoria pública:

Unha vez aprobadas as bases no Concello publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e abrirase un prazo de 3 días hábiles -contados a partir do día seguinte ao da publicación- para que calquera persoa interesada en participar nos postos que se ofertan para o persoal directivo, docente e de apoio, poida presentar a súa candidatura para os mesmos.

As solicitudes e a documentación que as acompañe presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do rexistro na sede electrónica do Concello de Oleiros Sede electrónica -> Servizos xerais -> Rexistro electrónico -> Inscripción nos procesos de selección de persoal.

Tamén se poden presentar por vía telemática nas oficinas de Correos, mediante ORVE ao código dixital de destino "L01150584".

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Oleiros.

Neste proceso non se require o pagamento de taxas por dereitos de exame.

A participación selección é voluntaria, e implica que se presta consentimento para realizar as probas e os exercicios psicotécnicos, aceptando que o resultado desas probas sexa empregado como factor de valoración, de conformidade co previsto nestas bases.

Os candidatos deberán aportar a documentación xustificativa dos seus méritos que acredite que cumpre cos requisitos mínimos establecidos nas bases da convocatoria para proceder a dito proceso. Se é o caso as persoas interesadas deberán cumprir os requisitos de titulación e experiencia profesional establecidos nos Reais Decretos que regulan os correspondentes certificados de profesionalidade, así como acreditar que posúe competencia docente, tal e como o indica o artigo 168 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de Formación Profesional.

Documentación a presentar:

- a) O DNI ou NIE da persoa solicitante.



- b) O DNI ou NIE da persoa representante, de ser o caso.
- c) A instancia normalizada, que figura na sede electrónica do Concello de Oleiros Sede electrónica -> Servizos xerais -> Rexistro electrónico -> Inscripción nos procesos de selección de persoal. Tamén poderase atopar na páxina web municipal Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos.
- d) A Titulación e xustificación da experiencia profesional esixidas e a competencia docente.
- e) Unha relación cos méritos alegados -coa correspondente xustificación- de acordo co modelo que figura na páxina web municipal Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos
- f) A memoria prevista no apartado de baremos destas bases nas categorías que a esixan.

Forma de acreditación dos méritos e requisitos mínimos:

- a) As titulacións académicas co correspondente título académico oficial.
- b) A competencia docente co certificado correspondente.
- c) Os cursos realizados, cos correspondentes diplomas.
- d) A experiencia profesional:
 - Os servizos prestados nas Administracións Públicas, mediante unha certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflecta o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desenvolvidas.
 - Para a acreditación dos servizos prestados no Concello de Oleiros bastará con que a persoa aspirante solicite -inescusablemente no modelo que figura na páxina web municipal Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos- que interesa se teñan en conta na avaliación de méritos da fase de concurso os servizos prestados- incorporando a propia Administración o informe acreditativo ao expediente de selección.
 - Os servizos prestados en empresas privadas, mediante a presentación do modelo oficial de certificado de empresa ou certificado da vida laboral, aos que se deberán acompañar, inescusablemente, os contratos de traballo, co xustificante do seu rexistro no servizo público de emprego correspondente.
 - Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigações de cotizar.
 - Traballo no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación.

O grupo de traballo citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de traballo. O grupo de traballo levará a cabo as entrevistas, as valorará e redactará as correspondentes actas que serán obxecto de exposición pública e se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego).

O grupo de traballo poderá solicitar unha autorización por escrito a todas as persoas candidatas para poder proceder á verificación daqueles datos que considere preciso en función da documentación requirida para acceder ao programa.

O grupo de traballo valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta que se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego) A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros da entidade promotora, da xefatura territorial e da oficina de emprego que tramite a oferta, así como na páxina web da entidade promotora Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

3.1 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- a. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado



- b. A puntuación no apartado de experiencia profesional
- c. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- d. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- e. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- f. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- g. Completar na súa totalidade contratos ou nomeamentos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia
- h. O maior tempo acreditado como persoa desempregada.

3.2 Incompatibilidade

As persoas candidatas que na data de inicio do Obradoiro Dual de Emprego, estean prestando servizos a tempo completo noutro obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

4. Publicacións e/ou notificacións:

O grupo de traballo acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta, así como na páxina web da entidade promotora Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos.

Asinadas pola xefa do servizo de Persoal e RRHH na data que figura ao pe.



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCÍONS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais. En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e ante o Concello de OLEIROS as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- Colaborar co/a mestre/a de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

O nomeamento realizarase a tempo completo cunha xornada de 37,5 horas semanais en horario de luns a venres de 07:45 a 15:15 horas.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Grao en administración e dirección de empresas, Grao en Economía ou Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, ou titulación equivalente.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **4,3 puntos** (20% do total do baremo).

MEMORIA-PLAN DE TRABAÑO DAS ACTIVIDADES A REALIZAR NO POSTO DE TRABAÑO.

O/a candidato/a ao posto deberá de presentar unha memoria (máximo 8 folios) na que deberá de expoñer a actividade a realizar dentro do Obradoiro de emprego (funcións, coordinación co equipo docente, coordinación coa entidade promotora e coa Xunta de Galicia e outras funcións que estime convenientes e beneficiosas para o bo desenvolvemento do Obradoiro Dual de Emprego). Puntuarase ata un máximo de **3,2 puntos** (15% do total do baremo).

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica a maiores da esixida como requisito de admisión ao proceso selectivo:

- Licenciatura ou grao: **1 punto**.
- Diplomatura: **0,75 puntos**



- Posgrao ou Mestrado oficial universitario relacionado coa ocupación: **0.25 puntos**;
- Doutoramento relacionado coa ocupación: **0,50 puntos**.
- Título de técnico/a superior de formación profesional da familia profesional da ocupación: **0,10 puntos**
- Título de técnico/a de formación profesional da familia profesional da ocupación: **0.05 puntos**.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: **0,1 puntos** por cada mes traballando na especialidade ata un máximo de **5 puntos**.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: **0,1 puntos** por cada mes traballando ata un máximo de **4 puntos**

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Non serán obxecto de valoración as fraccións de tempo inferiores ao mes consecutivo.

A puntuación da experiencia profesional está referida a xornada completa. No suposto de xornada parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 9 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: **0,10 puntos** por curso
- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: **0,20 puntos** por curso
- Cursos de 100 a 250 horas lectivas; **0,30 puntos** por curso
- Cursos de máis de 250 horas lectivas: **0,60 puntos** por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.
- A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: **0,25 puntos**
- Celga 4 ou equivalente: **0,50 puntos**
- Linguaxe administrativa galega Nivel medio: **0,75 punto** Nivel superior: **1 punto**
- A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior. Puntuarase ata un máximo de **14 puntos** (65% do total do baremo).



PUNTUACIÓN FINAL:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.



BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

FUNCIONES:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres/as das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado traballador.

Serán nomeados dous/dúas mestres/as:

Un/ha para as especialidades da Familia Profesional Agraria:

AGAO0108 ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA

AGAR0309 ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES

Un/ha para as especialidades da Familia Profesional de Madeira, Moble e Cortiza:

MAMD0209 TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE

MAMD0109 APLICACIÓN DE VERNICES E LACAS EN ELEMENTOS DE

CARPINTERÍA E MOBLE

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos dos certificados de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

O nomeamento realizarase a tempo completo cunha xornada de 37,5 horas semanais en horario de luns a venres de 07:45 a 15:15 horas.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Os candidatos e as candidatas a docentes, para seren validados, deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente. Este cumprimento implica que os docentes deben reunir UN dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso, a titulación de Formación Profesional que, a efectos de docencia, se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixírase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir. Ademais, deben dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.
- Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.
- Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.



Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada Certificado de profesionalidade.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **4,3 puntos** (20% do total do baremo).

MEMORIA –PROGRAMACIÓN DUNHA UNIDADE FORMATIVA OU DUN MODULO FORMATIVO INCLUIDO DENTRO DO PROGRAMA FORMATIVO AO QUE O DOCENTE OPTE.

O candidato/a ao posto de docente da especialidade a que opte deberá de presentar unha memoria non superior a 8 folios, formato A4 na que deberá de expoñer a programación do módulo formativo que a continuación se indica, dirixida a un grupo de 10 alumnos.

Especialidade da Familia Profesional Agraria:

Certificado Profesional: AGAO0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería. MF0521_1 Operacións básicas para a instalación de xardíns, parques e zonas verdes.

Especialidade da Familia Profesional da Madeira:

Certificado Profesional: MAMD0209 Traballos de Carpintería e Moble. MF0162_1 Mecanizado de Madeira e derivados.

Puntuarase ata un máximo de **3,2 puntos** (15% do total do baremo).

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica a maiores da esixida como requisito de admisión ao proceso selectivo:

- Licenciatura ou grao: **1 punto**.
- Diplomatura: **0,75 puntos**
- Posgrao ou Mestrado oficial universitario relacionado coa ocupación: **0.25 puntos**
- Doutoramento relacionado coa ocupación: **0,50 puntos**
- Título de técnico/a superior de formación profesional da familia profesional da ocupación: **0,10 puntos**
- Título de técnico/a de formación profesional da familia profesional da ocupación: **0.05 puntos**.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: **0,1 puntos** por cada mes traballando na especialidade ata un máximo de **5 puntos**.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: **0,1 puntos** por cada mes traballando ata un máximo de **4 puntos**.

Non serán obxecto de valoración as fraccións de tempo inferiores ao mes consecutivo.

A puntuación da experiencia profesional está referida a xornada completa. No suposto de xornada parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente.



No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: **0,10 puntos** por curso
- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: **0,20 puntos** por curso
- Cursos de 100 a 250 horas lectivas; **0,30 puntos** por curso
- Cursos de máis de 250 horas lectivas: **0,60 puntos** por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: **0,25 puntos**
- Celga 4 ou equivalente: **0,50 puntos**
- Linguaxe administrativa galega Nivel medio: **0,75 punto** Nivel superior: **1 punto**

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuarase ata un máximo de **14 puntos** (65% do total do baremo).

PUNTUACIÓN FINAL:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A-COORDINADOR/A DE FORMACIÓN

FUNCIONES:

Realizará labores de tutoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarse da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de ESO. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica.

- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado

Ademais do anterior, dende o posto de tutoría asumirase a formación en materia de xestión empresarial, materia coa que contará co apoio dos técnicos de emprego e formación do Concello de Oleiros que forman parte das unidades e organismos de orientación e asesoramento en colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O nomeamento realizarase a tempo completo cunha xornada de 37,5 horas semanais en horario de luns a venres de 07:45 a 15:15 horas.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Licenciado/a en Psicoloxía, Pedagogía ou Grao equivalente, Diplomado/a en Maxisterio ou Grao equivalente, Diplomado/a en Educación Social ou Grao equivalente.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **4,3 puntos** (20% do total do baremo).

MEMORIA-PLAN DE TRABAJO DAS ACTIVIDADES A REALIZAR NO POSTO DE TRABAJO.

O candidato/a ao posto deberá de presentar unha memoria (máximo 8 folios) na que deberá de expoñer a actividade a realizar dentro do Obradoiro de emprego (funcións, coordinación co equipo docente, tutoría do alumnado e impartición de módulos transversais e outras funcións que estime convinte e beneficiosas para o bo desenrolo do Obradoiro Dual de Emprego). Puntuarase ata un máximo de **3,2 puntos** (15% do total do baremo).

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica a maiores da esixida como requisito de admisión ao proceso selectivo:

- Licenciatura ou grao: **1 punto**.
- Diplomatura: 0,75 puntos
- Posgrao ou Mestrado oficial universitario relacionado coa ocupación: **0,25 puntos**;
- Doutoramento relacionado coa ocupación: **0,50 puntos**.
- Título de técnico/a superior de formación profesional da familia profesional da ocupación: **0,10 puntos**
- Título de técnico/a de formación profesional da familia profesional da ocupación: **0,05 puntos**.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.



A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: **0,1 puntos** por cada mes traballando na especialidade ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: **0,1 puntos** por cada mes traballando ata un máximo de 4 puntos.

Non serán obxecto de valoración as fraccións de tempo inferiores ao mes consecutivo.

A puntuación da experiencia profesional está referida a xornada completa. No suposto de xornada parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: **0,10 puntos** por curso
- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: **0,20 puntos** por curso
- Cursos de 100 a 250 horas lectivas; **0,30 puntos** por curso
- Cursos de máis de 250 horas lectivas: **0,60 puntos** por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: **0,25 puntos**
- Celga 4 ou equivalente: **0,50 puntos**
- Linguaxe administrativa galega Nivel medio: **0,75 punto** Nivel superior: **1 punto**

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Puntuarase ata un máximo de **14 puntos** (65% do total do baremo).

PUNTUACIÓN FINAL:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.



BAREMO PARA A SELECCION DUN/HA ADMINISTRATIVO/A

FUNCIÓN:

O/A candidato/a seleccionado/a encargarse das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando codirector/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora.

O nomeamento realizarase a xornada completa cunha xornada de 37,5 horas semanais en horario de luns a venres de 07:45 a 15:15 horas.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación de Técnico superior en Administración e Finanzas. Técnico Superior en Asistencia á dirección, ou equivalentes.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **7,5 puntos** (35% do total do baremo).

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica a maiores da esixida como requisito de admisión ao proceso selectivo:

- Título de técnico/a doutra rama relacionada ou o seu equivalente: **0,50 punto**
- Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: **1 punto**

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: **0,1 puntos** por cada mes traballando na especialidade ata un máximo de **5 puntos**.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: **0,1 puntos** por cada mes traballando ata un máximo de **4 puntos**.

Non serán obxecto de valoración as fraccións de tempo inferiores ao mes consecutivo.

A puntuación da experiencia profesional está referida a xornada completa. No suposto de xornada parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente.



No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: **0,10 puntos** por curso
- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: **0,20 puntos** por curso
- Cursos de 100 a 250 horas lectivas; **0,30 puntos** por curso
- Cursos de máis de 250 horas lectivas: **0,60 puntos** por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: **0,25 puntos**
- Celga 4 ou equivalente: **0,50 puntos**
- Linguaxe administrativa galega Nivel medio: **0,75 punto** Nivel superior: **1 punto**

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Puntuarase ata un máximo de **14 puntos** (65% do total do baremo).

PUNTUACIÓN FINAL:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.

De acordo coas directrices da Orde do 14 de novembro do 2025 (DOGA nº 228 do 25 de novembro do 2025), incorpóranse ás bases de convocatoria o seguinte anexo co baremo de puntuacións para a selección dos alumnos/as traballadores/as.



**SELECCIÓN ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “OLEIROS FORESTAL. BOSQUE DOS VECIÑOS”
ANEXO I****BAREMO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO****ENTREVISTA**

Na que se vai valorar o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidade do proxecto formativo.

Puntuárase ata un máximo de **14 puntos** (35% do total da puntuación).

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO**1.- MULLERES**

Mulleres vítimas de violencia de xénero 2 puntos
Mulleres non puntuadas no apartado anterior 1 punto

2.- IDADE

18 - 29 anos..... 2 puntos
30 - 51 anos..... 3 puntos
52 anos ou máis 4 puntos

3.- DIVERSIDADE FUNCIONAL

Discapacidade > 33 % (sempre que poidan realizar os traballos).....1 punto

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

Persoas perceptoras de prestación contributiva 1 punto
Persoas perceptoras de subsidios..... 2 puntos
Persoas que as esgotaran prestacións ou subsidios... 3 puntos

5.- TEMPO DE INSCRICIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO

Entre 6 e 12 meses..... 1 punto
Máis de 12 meses 2 puntos

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABAJO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

Autónomos 1 punto
Grupo de cotización del 1 al 7 0 puntos
Grupo de cotización 8, 9 E 10 2 puntos
Sen emprego anterior 3 puntos

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.

Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión Social de Galicia ou do ingreso mínimo vital...2 puntos

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

Sen estudos ou ata 8º de EXB ou equivalente	4 puntos
Graduado en ESO / BUP / FP 1.....	3 puntos
Bacharelato / FP de ciclo medio	1 punto
Títulos universitarios / FP de ciclo superior / FP 2.....	0 puntos

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

Entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo a o cónxuxe, fillos/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade ou menores acollidos/as.

Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

Unidade familiar de 4 ou máis membros.....	1 punto
Monoparental con fillo/as	2 puntos
Familias de 3 membros todos en situación de desemprego	3 puntos

10.- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)	2 puntos
Situación de emigrante retornado ou de inmigrante	1 punto

TOTAL BAREMO 26 PUNTOS (65% DO TOTAL DA PUNTUACIÓN)

